

ANUNCIO

1.- ANTECEDENTES

O Pleno do Consello Regulador do Mexillón de Galicia fixou como obxectivo neste mandato a elaboración dun novo Regulamento coa finalidade de adaptar a DOP Mexillón de Galicia as novas situación produtivas e de mercado.

Así mesmo, acordou incrementar o numero de empresas e produtores certificados de cara a ampliar a oferta de produto certificado no mercado e con elo contrarrestar os efectos que a fraude na etiquetaxe dos produtos de mexillón ven ocasionando.

Na actualidade hai inscritos no Consello Regulador que non cumpren os requisitos para poderen subministrar e comercializar mexillón certificado e con débedas atrasadas.

2.- MECANISMO DE REGULARIZACIÓN DE INSCRICIÓN

Coa finalidade de regularizar esta situación, o Consello Regulador, aproveitando a tramitación do novo regulamento, pretende incorporar unha disposición transitoria de xeito que cando o regulamento sexa aprobado pola Consellería do Mar e publicado no Diario Oficial de Galicia, os inscritos que cumpran determinadas condicións poidan exercer todos os dereitos que corresponde, así como eliminar da contabilidade do Consello Regulador os saldos debedores que houberan contraído con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

3.- CONDICIÓN E PRAZOS PARA SER BENEFICIARIOS DO MECANISMO DE REGULARIZACIÓN

As condicións que haberán de cumprir os inscritos que desexen regularizar a súa situación son:

- a)** que soliciten antes do 31 de outubro do 2016 renovar as súas inscricións no Consello Regulador solicitando unha auditoría de calidade.
- b)** que participen no subministro e comercialización de produto pasando o mexillón polo Sistema de Control e Certificación de Calidade que ten implantado o Consello Regulador.
- c)** que abonen, antes do vindeiro 31 de outubro do 2016, o importe das cotas emitidas polo Consello dende o 1 de xaneiro de 2016, e se

manteñan ao día no pagamento das sucesivas obrigas económicas co Consello Regulador.

Aqueles inscritos que antes da data de publicación destas bases veñan cumprindo as condicións anteriores, consideraráselles que cumpren as condicións para a regularización.

4.- SOLICITUDES

Os interesados en regularizar a súa situación poderán solicitar a auditoría de calidade no Consello Regulador, para o que está a disposición o correspondente formulario de solicitude.

5.- ACREDITACION DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN

Unha vez o novo regulamento sexa aprobado pola Consellería do Mar e publicado no Diario Oficial de Galicia, os interesados poderán solicitar que se lles aplique a regularización, e as persoas responsables dos departamentos de Contabilidade e do de Control e Certificación da Calidade do Consello Regulador emitirán informe certificando o cumprimento das condicións establecidas na cláusula terceira.

6.- RESOLUCIÓN

Coa aprobación e publicación oficial do novo regulamento, e á vista da solicitude de regularización e dos informes favorables dos responsables dos departamentos correspondentes do Consello Regulador, o Pleno dará cumprimento á regularización contida da Disposición Transitoria de regularización, ordenando a eliminación dos saldos debedores que existan en contabilidade a cargo dos inscritos en cuestión e repoñendo no exercicio de todos os dereitos aos mesmos.

7.- SUSPENSIÓN DE INSCRICIÓN

O Pleno disporá a baixa das inscricións nos rexistros daqueles inscritos que manteñen débedas e non se acollan as condicións indicadas.

Así mesmo á baixa nun rexistro deberá cumprir as obrigas económicas pendentes co Consello Regulador e unha vez producida a baixa establécese un período de dous anos para proceder a unha nova inscrición no Consello Regulador.

8.- PRECEPTOS XURÍDICOS APLICABLES

Á proposta dun novo Regulamento por parte do Consello Regulador, no que se inclúe a disposición transitoria de regularización, é aplicable o establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, e a Orde do 17 de outubro do 2000 pola que se aproba o Regulamento da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia e do seu Consello Regulador.

O proceso de regularización foi sometido á tutela administrativa da Consellería do Mar e realizárase conforme as indicacións reflectidas no informe de data 8 de agosto do 2016, asinado polo Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a orde da Consellería do Mar que aprobe o regulamento do Consello Regulador deberá ser informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Administración de Galicia.

En Vilagarcía de Arousa, a 15 de setembro do 2016

Francisco A. Alcalde García
Presidente